

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE ANUNCIOS
OCUPANDO TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL**

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

Constitue o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa da taxa.

ARTIGO 3. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 y 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades mailos síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, de acordo coa Tarifa que contén o cadro seguinte.

<i>CONCEPTOS</i>	<i>CONTÍA EUROS</i>
Paneis publicitarios	
– Por m ² ou fracción e ano	22,97

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 6. DEVENGO.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servizos de retribución puntual, no momento da presentación da solicitude correspondente.
- Nos servizos de retribución periódica, devengarase a taxa o día primerio de cada ano natural.

ARTIGO 7. LIQUIDACION.

- Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa no momento da aprobación polo órgano competente da concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abril oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**ARTIGO 8. INGRESO**

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen.
- Nas liquidación por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

ARTIGO 9. INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 10. NORMAS DE XESTION

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamento sobre o dominio público municipal a que fai referencia a taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.
- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.
- unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

1. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.
2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.